

20
25

DÍA DA DEPREDAÇÃO ENERXETICA



OGACLI

Índice

Que é o Día da Depredación Enerxética? _____	03
O 79,1% dos recursos enerxéticos son importados _____	04
O Sur global, os EUA e Rusia son os nosos principais provedores _____	06
Baixo uso de recursos propios _____	07
O Día da Depredación Enerxética é o 17 de marzo _____	08
Como atrasarmos o Día da Depredación Enerxética? _____	09
Notas _____	10

Que é o Día da Depredación Enerxética?

Definimos o Día da Depredación Enerxética como o día do ano no que a demanda de recursos enerxéticos da economía galega, incluído o sector enerxético fósil, iguala a produción dos recursos enerxéticos autóctonos, practicamente na súa totalidade de orixe renovábel (auga, vento, biomasa e outros).

A dependencia enerxética externa de Galicia vai ligada á depredación enerxética sobre o resto do mundo. **A importación masiva de combustíbeis fósiles (e biocarburos), obtidos á custa de elevados danos socioambientais e a miúdo en países do Sur global e/ou sometidos a gobernos autoritarios, é hoxe imprescindible para soste a economía galega.**

O cálculo do Día da Depredación Enerxética pretende axudar a visualizar a dependencia enerxética da nosa terra e a externalización dos impactos socioambientais asociados a esa dependencia. Responde á pregunta de **cantos días dun ano determinado Galicia podería atender a súa demanda de materias primas enerxéticas (enerxía primaria) se só dispuxese dos recursos propios obxecto de aproveitamento.**

Para o **cálculo do Día da Depredación Enerxética** suponse que o uso total de enerxía primaria e a dispoñibilidade da autóctona distribúese uniformemente entre todos os días do ano, o que non é real. Obtido o valor medio diario da enerxía usada nun determinado ano calcúlase cantos días dese ano podería ser cuberta a demanda enerxética recorrendo só aos recursos enerxéticos autóctonos dispoñíbeis nese ano.


A data en que cadra o Día da Depredación Enerxética para o ano en que se publica o informe utiliza os datos do balance enerxético de Galicia do ano máis recente dispoñíbel, polo que se trata dunha aproximación, bastante aceptábel se temos en conta que a variación da data dun ano para outro é pequena. **Para o cálculo en 2025 tómake como referencia 2022** (1).

O 79,1 % dos recursos enerxéticos son importados

O dominio da enerxía fósil importada no sistema enerxético galego segue a ser esmagador, a pesar da caída no uso do carbón, substituído en parte polo gas fósil. A crise climática esixe que o emprego de enerxía fósil baixe rapidamente.

Na análise da demanda de enerxía cómpre diferenciarmos entre enerxía primaria e enerxía final. **A enerxía primaria son os recursos enerxéticos extraídos ou captados da natureza (petróleo, carbón, auga, vento,...) que son transformados para poder ser consumidos nos diversos sectores de actividade (industria, transporte, fogares,...) como enerxía final (electricidade, calor, combustíbeis).**


No cálculo do Día da Depredación Enerxética considérase a enerxía primaria. Segundo o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) da Xunta, **en Galicia usáronse 11,4 millóns de toneladas equivalentes de petróleo (tep) (2) durante 2022, dos cales o 79,1% procederon do exterior.**



A práctica totalidade da enerxía primaria importada por Galicia é de orixe fósil, agás unha pequena proporción de biocarburantes (1,7% en 2022). **O seu destino é o sector enerxético fósil galego**, constituído fundamentalmente pola refinaría de petróleo da Coruña (Repsol), a regasificadora de Mugardos (Reganosa) e as centrais de ciclo combinado a gas fósil das Pontes (Endesa) e Sabón (Naturgy) (3) .

A partir dos recursos importados a industria enerxética fósil obtén enerxía final destinada non só ao consumo galego senón tamén á exportación. De feito, a exportación de enerxía final (o 45,7% da total en 2022) está liderada polos combustíbeis fósiles (sobre todo produtos petrolíferos mais tamén gas).

En 2022 aumentou o uso de todos os combustíbeis fósiles. A utilización de cru de petróleo, ligada á actividade da refinaría, regresou case aos niveis prepandémicos, o que xa aconteceu cos produtos petrolíferos importados (4). O gas fósil, tamén chamado gas natural, mantívose no seu teito histórico de uso, iniciado en 2020. O carbón, empregado na xeración eléctrica, veuse favorecido pola queda da produción hidroeléctrica nun ano seco. Porén, aumentou pouco a súa queima, que cesou en 2023 ao pechar a central das Pontes (Endesa).



O Sur global, os EUA e Rusia son os nosos principais provedores


O Sur global foi o maior subministrador de enerxía fósil a Galicia durante as últimas décadas. Recentemente gañaron peso os Estados Unidos de América (EUA) e Rusia, de onde importamos gas natural licuado, non suxeito a restricións pola invasión de Ucraína.

Combustíbel	Orixe (5)	Uso
Petróleo	Os EUA, México e Libia foron a orixe da maioría do petróleo e derivados importados por Galicia en 2022.	A refinaría de Repsol na Coruña foi o destino do 88% das importacións de cru de petróleo e produtos petrolíferos en 2022.
Gas fósil (gas natural)	En 2022, o 100 % importouse a través da regasificadora de Mugar dos como gas licuado. Recibiu 28 barcos metaneiros desde Rusia (15), os EUA (9) e Nixeria (4)	A industria e as dúas centrais eléctricas de ciclo combinado (Sabón, As Pontes) acaparan un 85-90% do consumo galego anual.
Carbón	O carbón importado en 2022 procedeu, por orde de importancia, de Indonesia, Sudáfrica e os EUA.	Empregouse para xerar electricidade na central de carbón das Pontes (Endesa), que achegou un 4% da produción galega en 2022.

Baixo uso de recursos propios

O aproveitamento dos recursos enerxéticos galegos tendeu ao estancamento nos últimos anos, resultado dos escasos avances no aproveitamento das enerxías renovábeis. En 2022 mesmo baixou por causa da seca.

O peso dos recursos enerxéticos autóctonos no total dos empregados en Galicia caeu ao 20,9% en 2022. Unha cifra que sería aínda menor se non se considerasen como autóctonos todos os biocarburantes fabricados en Galicia, a pesar de que a maioría procede de cultivos importados (6). Os biocarburantes “autóctonos” supoñen o 1,7% de toda a enerxía primaria usada no noso país.




Practicamente toda a enerxía primaria galega usada é renovábel (7) pero o 46,5% dela (biomasa, biocarburantes, residuos) non está libre de emisións contaminantes que deterioran a calidade do aire e contribúen á crise climática.

O Día da Depredación Enerxética é o 17 de marzo

Os recursos enerxéticos propios de Galicia obxecto de aproveitamento acabáronse o 17 de marzo. Polo tanto, a enerxía primaria galega, case toda de orixe renovábel, só abondou para dous meses e medio (76 días).

A partir do Día da Depredación Enerxética toda a vida socioeconómica de Galicia susténtase na importación e o uso de grandes cantidades de enerxía fósil extraída con altos custos socioambientais, en grande medida no Sur global, e cuxo consumo agrava unha crise climática que impacta sobre todo nos países e nas persoas máis empobrecidos.



Desde 2010 obsérvase unha tendencia moi suave ao atraso do Día da Depredación Enerxética que, non obstante, até hoxe aconteceu sempre no primeiro trimestre do ano. Polo tanto, e perante o insuficiente aproveitamento dos recursos renovábeis propios, Galicia ficaría durante polo menos nove meses de cada ano sen recursos enerxéticos de non ser pola importación de enerxía fósil.

Como atrasarmos o Día da Depredación Enerxética?

Para que o Día da Depredación Enerxética sexa cada vez máis serodio é necesario planificar o peche da industria enerxética fósil e desfosilizar o noso consumo enerxético.

01

Fin planificado do sector enerxético fósil

Dado o peso do sector enerxético fósil galego no uso de recursos enerxéticos importados e a súa orientación non só cara ao consumo interno senón tamén cara á exportación, non abonda con reducir o consumo galego de enerxía. É imperativo tamén contraer ao mesmo tempo a actividade do sector enerxético fósil, liderado pola refinaría de petróleo, e anticipar o antes posíbel o seu fin, no marco de procesos de transición xusta.

02

Redución do consumo enerxético interno

É necesario un salto na electrificación da economía (parella á desfosilización total da xeración eléctrica), a aceleración da rehabilitación enerxética de edificios, o decrecemento da mobilidade en coches e camións e melloras na eficiencia enerxética en todos os sectores (ás que contribuirá a electrificación).

03

Desenvolvemento renovábel responsábel

Compre desenvolver rapidamente e de forma socialmente beneficiosa e ambientalmente respectuosa as enerxías renovábeis eléctricas e térmicas a todas as escalas.

Notas

1.No momento de concluír este informe (15 de marzo de 2025), o balance enerxético de Galicia dispoñíbel máis recente refírese ao ano 2022, no que se basea polo tanto este informe. Polo xeral, transcorren máis de dous anos entre que finaliza un ano e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) da Xunta publica o balance enerxético referente a ese ano. Os balances enerxéticos anuais están dispoñíbeis en <https://www.inega.gal/gl/publicacions/enerxia-en-galicia/balance-enerxetico-de-galicia>.

2. Para facer comparábeis os datos dos distintos tipos de enerxía, cómpre establecer un termo de referencia común. O Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), seguindo a recomendación da Axencia Internacional da Enerxía (AIE), utiliza como unidade enerxética a capacidade do petróleo para producir traballo. Así, defínese a tonelada equivalente de petróleo (tep) como 107 kcal (41,868 GJ), enerxía equivalente á producida na combustión dunha tonelada de cru de petróleo.

3. Máis información en <https://ogacli.org/industria-enerxetica-fosil/>.

4. Os produtos petrolíferos, o mesmo que os biocarburantes, son formas de enerxía final pero os importados inclúense no total da enerxía primaria nos balances enerxéticos anuais elaborados polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

5. Fontes: Para o petróleo e o carbón, DataComex (<https://datacomex.comercio.es/>), do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Para o gas fósil, El sistema gasista español. Informe 2022, de Enagás.

6. Os "biocarburantes galegos" forneceron 198.000 toneladas equivalentes de petróleo (tep) durante 2022, o que representou o 8,3% do total da enerxía primaria galega. Unha cifra que sitúa os biocarburantes supostamente autóctonos como a cuarta fonte galega de enerxía, moi por diante hoxe do sol ou da aerotermia. Os balances enerxéticos do INEGA consideran como autóctonos todos os biocarburantes producidos en Galicia, sen achegar información sobre a cantidade e a orixe de materias primas importadas para os fabricar.

Na nosa terra funcionan dúas importantes fábricas de biocarburantes: a planta de biodiésel de Masol Iberia en Ferrol e a planta de bioetanol de Vertex Bioenergy en Curtis (A Coruña). Ademais dos biocarburantes producidos nestas plantas tamén hai que ter en conta o hidrobiodiésel obtido na refinaría de petróleo da Coruña. Por outro lado, está en proxecto unha nova planta de biodiésel en Curtis que utilizaría aceites de cociña usados.

7. Consideramos fontes de enerxía primaria galega non renovábeis os residuos, tamén os orgánicos, oficialmente etiquetados como renovábeis. En 2022, os residuos achegaron 110.000 toneladas equivalentes de petróleo (tep), o 4,6% do total da enerxía primaria galega. Se se teñen en conta só os residuos considerados oficialmente non renovábeis, esta porcentaxe baixa ao 2%.

contacto

Observatorio Galego da Acción Climática
(OGACLI)

www.ogacli.org
ogacliobservatorio@gmail.com